

ACTA DO TRIBUNAL SELECCIONADOR DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA POSIBLES SUBSTITUCIÓNS OU EXECUCIÓN DE PROGRAMAS TEMPORAIS NA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A (C1)

TERCEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

En San Sadurniño, a once de xullo de dous mil dezanove, sendo as dez horas, reúnen-se na Casa da Xuventude do Concello, baixo a presidencia da Secretaria-interventora do Concello de Moeche, Consolación Couce Calvo, designada pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarias de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a elaboración dunha lista para a selección de persoal funcionario interino para posibles substitucións ou execución de programas temporais na praza de administrativo(a).

Presidenta: Consolación Couce Calvo.

Vogais: Arturo Blanco Veloso, José Antonio Meizoso Paz.

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno.


A Presidenta declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, procédese á supervisión e comprobación do terceiro exercicio proposto, confeccionado polos membros do Tribunal. Respecto deste exercicio, as Bases da convocatoria indican o seguinte:

“Consistirá na realización, por escrito, dun ou varios supostos prácticos referente ás funcións do posto que o Tribunal determine, durante un tempo máximo de 90 minutos. Estará relacionado coas materias comprendidas no temario establecido no Anexo I, podendo consultar textos legais. Puntuación máxima: 20 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos. Puntuarase o nivel de resolución dos casos prácticos en relación ao coñecemento da materia e a súa exposición ante o Tribunal. O exercicio segundo e terceiro expóranse oralmente ante o Tribunal”

O Tribunal indica que a exposición dos exercicios realizarase no día de hoxe, a partires das doce horas e corenta e cinco minutos, no mesmo lugar en que se realizan, a Casa da Xuventude do Concello de San Sadurniño.

Sendo as once horas e vinte minutos, comprobada a identidade das persoas presentadas para o terceiro exercicio, iníciase a súa realización.

Ás doce horas e corenta e cinco minutos, rematado o terceiro exercicio, iníciase a valoración do mesmo polo Tribunal, tras a exposición oral dos exercicios polas persoas aspirantes, resultando a





San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

puntuación para cada unha delas que se indica na seguinte táboa:

Apelidos e nome	Puntuación 3º exercicio
Albes Testa Javier	16,00
Filgueira Caneiro Eiravedra Alba	18,00
Gómez Martínez Martina	12,00
Martínez Martínez Pilar	12,00
Pita Leonardo Iris	10,00
Pita Leonardo Jesús	10,00
Salgado Vázquez Natalia	12,00

Rematada a asignación de puntuacións do terceiro exercicio, indícase de seguido a puntuación total obtida polas persoas aspirantes que aprobaron os tres exercicios da fase de oposición:

Apelidos e nome	Puntuación 1º exercicio	Puntuación 2º exercicio	Puntuación 3º exercicio	Puntuación total oposición
Albes Testa Javier	12,25	14,00	16,00	42,25
Filgueira Caneiro Eiravedra Alba	13,25	17,00	18,00	48,25
Gómez Martínez Martina	12,75	16,00	12,00	40,75
Martínez Martínez Pilar	11,00	13,00	12,00	36,00
Pita Leonardo Iris	11,50	11,00	10,00	32,50
Pita Leonardo Jesús	12,50	10,00	10,00	32,50
Salgado Vázquez Natalia	14,00	14,00	12,00	40,00

O Tribunal inicia de seguido a valoración dos méritos da fase de concurso das sete persoas aspirantes que superaron os tres exercicios da fase de oposición, en aplicación do establecido nas Bases da convocatoria, resultando a asignación a cada aspirante da puntuación que se indica na seguinte táboa:

Apelidos e nome	Puntuación concurso
Albes Testa Javier	0,00
Filgueira Caneiro Eiravedra Alba	4,00
Gómez Martínez Martina	4,00
Martínez Martínez Pilar	1,20





San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Pita Leonardo Iris	5,85
Pita Leonardo Jesús	6,25
Salgado Vázquez Natalia	4,00

Das valoracións indicadas na presente acta, resulta a seguinte cualificación final para cada aspirante:

Apelidos e nome	Puntuación oposición	Puntuación concurso	Cualificación
Albes Testa Javier	42,25	0,00	42,25
Filgueira Caneiro Eiravedra Alba	48,25	4,00	52,25
Gómez Martínez Martina	40,75	4,00	44,75
Martínez Martínez Pilar	36,00	1,20	37,20
Pita Leonardo Iris	32,50	5,85	38,35
Pita Leonardo Jesús	32,50	6,25	38,75
Salgado Vázquez Natalia	40,00	4,00	44,00

En consecuencia, unha vez concluído o proceso de selección, o Tribunal cualificador, en cumprimento do indicado na Base 9ª, elabora a seguinte relación de persoas candidatas para o posto de traballo, pola orde de puntuación acadada, con indicación da cualificación obtida, que será elevada á Alcaldía.

Apelidos e nome	Cualificación final total
1.- Filgueira Caneiro Eiravedra Alba	52,25
2.- Gómez Martínez Martina	44,75
3.- Salgado Vázquez Natalia	44,00
4.- Albes Testa Javier	42,25
5.- Pita Leonardo Jesús	38,75
6.- Pita Leonardo Iris	38,35
7.- Martínez Martínez Pilar	37,20

O prazo de alegacións contra as puntuacións asignadas ó terceiro exercicio da fase de oposición e á valoración dos méritos do concurso, de tres días de duración, rematará o día dezaséis de xullo próximo. O Tribunal indica que das alegacións que se presenten en relación con esta proba deberá remitirse copia mediante correo electrónico antes da finalización do prazo de presentación ó enderezo do Secretario do Tribunal: miguel.arroyo@sansadurnino.gal.





San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, dase por rematado o acto sendo as catorce horas e vinte minutos, dispoñendo a Presidenta do Tribunal que se redacte a presente acta, que asinan os seus membros, do que como Secretario certifico.

O Tribunal dispón a publicación dunha copia da presente acta no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, en aplicación do establecido nas bases da convocatoria, con data de hoxe.

A PRESIDENTA,

AS VOGAIS,

O SECRETARIO,

